

Especial



DÍA INTERNACIONAL POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

En Val do Dubra «Queremos mulleres libres, valentes e empoderadas»

► Hoxe ás 12.00 horas na Casa do Concello procederase á lectura dun manifesto protagonizado polas persoas maiores do municipio, recoñecendo o valor interxeracional na loita contra a violencia de xénero

Anxo Bentrón | VAL DO DUBRA

O Concello de Val do Dubra conmemora este luns o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres cunha campaña que combina sensibilización, expresión comunitaria e recoñecemento ao papel interxeracional nesta loita.

O acto central terá lugar ás 12.00 horas na Casa do Concello de Val do Dubra, coa lectura dun manifesto no que as persoas maiores da localidade serán as protagonistas. Esta participación simboliza a unión de diferentes xeracións na defensa dunha sociedade libre de violencia machista, reforzando o compromiso colectivo na procura da igualdade.

Esta campaña de sensibilización promovida polo Concello tamén chega aos establecementos locais. Neste sentido, durante estes días se repartiron bolsas para o comercio, manteis individuais e pousavos para a hostalaría. Todos estes materiais levan impreso o lema gañador do concurso de

frases contra a violencia machista, que contou cunha gran participación cidadá durante estas últimas semanas.

Un lema que trascende do simbólico ao material

“Non queremos avoas sumisas / Non queremos nais silenciadas / Non queremos irmáns acosadas / Querémolas libres, valentes e empoderadas!”. Este o lema gañador do concurso de frases, un lema que resume con forza a mensaxe do 25-N e que trascende o simbólico para chegar aos espazos cotiáns.

Este lema, que expresa a determinación da comunidade dubresa de erradicar a violencia de xénero, será o emblema dunha campaña que pretende chegar a cada fogar e negocio local, visibilizando a importancia de actuar desde todos os ámbitos sociais.

A campaña non só busca concienciar senón tamén unir forzas, poñendo en valor a voz colectiva da co-



Manifestación en Vigo contra a violencia de xénero.

RICARDO GROBAS

UN LEMA CLARO

Non queremos avoas sumisas, non queremos nais silenciadas, non queremos irmáns acosadas, querémolas libres, valentes e empoderadas

munidade dubresa contra unha das lacras sociais máis graves e extendidas. Por iso, dende o Concello de Val do Dubra animan a todos os veciños e veciñas a participar nos actos programados e a levar a mensaxe de igualdade e respecto máis alá do 25-N, facendo dela unha prioridade diaria.



ESPECIAL 25-N

Brión ‘rompe co machismo!’

► A Praza do Concello acollerá hoxe ás 12.00 horas un acto no que se lerá o Manifesto Institucional e que contará coa actuación do grupo de teatro Dás Maniotas, formado por alumando do IES

Anxo Bentrón | BRIÓN

O Concello de Brión únese ao Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as mulleres e convida á cidadanía a unirse á campaña ‘Rompe co machismo!’.

Arredor deste lema, Brión desenvolve todo un programa para conmemorar o 25N, con representacións teatrais, cursos ou actos institucionais para concienciar, formar e fomentar a loita contra o machismo.

As actividades comezaron a pasada semana, o 18 de novembro, co espectáculo teatral ‘Expectativa vs Realidade’, unha obra de Trémola Teatro dirixida ao alumnado de 1º da ESO do IES de Brión.

Xa no día de hoxe terá lugar o acto central da programación. Será ás 12.00 horas na Praza do Concello, ou no Centro Social Polivalente en caso de choiva, onde se lerá o Manifesto Institu-

AUTODEFENSA

A medallista internacional en parakarate Cristy Toja impartirá un curso de autodefensa feminista mañán no Centro Social Polivalente

cional. O acto contará coa actuación do grupo de teatro Dás Maniotas, conformado por alumnos do IES Brión, reforzando o papel da xuventude no activismo social.

EFE / XOÁN REY



Os actos sucederanse ao longo de toda Galicia.

Clases de autodefensa e unha representación teatral

Tamén terá un oco na programación a formación práctica. Mañán, martes 26, a medallista internacional na modalidade de parakarate, Cristy Toja, impartirá un curso de autodefensa feminista. Dirixido exclusivamente a mulleres e persoas non binarias, o obradoiro desenvolverase no Centro Social Polivalente de 18.45 a 20.45 horas.

Por último, para pechar o programa de actividades, o Centro Social Polivalente volverá ser o foco de atención o 14 de decembro ás 20.00 horas cunha nova representación teatral. Nesta ocasión con Isabel Risco e a súa obra ‘Bravas’, unha produción teatral sobre mulleres sen medo, mulleres rebeldes e mulleres valentes. Esta representación gratuita está dirixida a todos os públicos e as entradas poden reservarse a través da billeteira en liña do concello.

CAMIÑANDO CARA A IGUALDADE

RIANXO 2024

LUNS
25

Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.

- Casa do Concello - 12:00
- Lectura da Declaración Institucional.

MARTES
26

Faladoiro con Monte Fajardo, autora de “Invisibles”.

- Auditorio de Rianxo - 19:30
- Periodista e escritora de Vilagarcía de Arousa, falaranos sobre a violencia machista desde o punto de vista de diferentes vítimas.

XOVES
28

Obradoiro de “promoción da igualdade e bo trato”.

- CEP Brea Segade - 19:00
- Abordarase a importancia da igualdade e o bo trato en tódolos ámbitos da vida, desde as relacións familiares até o ambiente laboral.

VENRES
29

Obradoiro “autoestima, benestar e saúde con perspectiva de xénero”.

- Escolas Vellas da Atalala - 19:00
- A través de actividades reflexivas, os participantes descubrirán como as normas de xénero inflúen na súa autoimaxe e benestar.



DÍA INTERNACIONAL POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

En Lousame, ‘Quérenme ben’

► A través das redes sociais, o Concello impulsou unha iniciativa de sensibilización sobre a violencia machista, fomentando o «bo trato» e as relacións construídas dende o respecto e a tolerancia

Anxo Bentrón | LOUSAME

«Quérenme ben... cando me escoita con respecto aínda que non pense o mesmo ca min; cando me sorrín; cando me acompañan e respectan no meu día; se me sinto dona de min mesma e das miñas decisións». “Non me queren ben... cando me xulgan sen saber e non me respectan; os que me xulgan sen escoitarme; cando me cargan coas tarefas de casa sen reparto equitativo». Estas son algunhas das frases compartidas a través das redes no marco da campaña ‘Quérenme ben’.

PREVENCIÓN

A campaña pon de manifesto as diferenzas entre as relacións saudables e as tóxicas, sensibilizando á poboación da importancia da prevención

Con motivo da conmemoración no día de hoxe do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, o Concello de Lousame leva desenvolvendo dende o pasado mércores 13 de novembro, en colaboración co CPI Plurilingüe Cernadas de Castro, a campaña de socialización sobre a violencia machista ‘Quérenme ben’. «Esta campaña está dirixida a sensibilizar á poboación en xeral da importancia da prevención da violencia de xénero a través do bo trato e o respecto entre iguais», destacou a concelleira de Igualdade, Silvia Agrafojo, na presentación da campaña.

Unha campaña para concienciar nas redes

Neste sentido, e tomando como referencia a tradición de esfolrar unha margarida á hora de tomar unha decisión, a campaña pretende poñer de manifesto as diferenzas entre as relacións saudables e as relacións tóxicas e achegar a toda a poboación ferramentas para previr a violencia machista e construír relacións baseadas no respecto, coa publicación en redes de frases etiquetadas cos cancelos #querenmeben ou #nonmequerenben. O prazo para participar na campaña, aberta tanto a nivel individual como gru-



A concelleira de Igualdade, Silvia Agrafojo, na presentación da campaña.

CEDIDA

pal, estará vixente ata este venres 29 de novembro. As contribucións poden realizarse a través das redes sociais do Concello, empregando os cancelos #querenmeben e #nonmequerenben, ou enviando as frases por WhatsApp ao 689 126 385. Ademais, para incentivar a implicación cidadá na loita contra a violencia de xénero, ao remate da campaña sortearanse un vale para unha cea para dúas persoas, un vale por unha cea para dúas persoas e un vale de material deportivo.

Un xardín de margaridas contra a violencia

Na xornada de hoxe, os nenos e nenas do CPI Cernadas de Castro converterán a praza Teodomiro Hidalgo, fronte a casa consistorial, nun xardín de margaridas, xunto as súas frases contra a violencia de xénero, reforzando o papel da educación nos máis pequenos na construción dun futuro sen violencia de xénero. Ademais, no día de hoxe tamén se celebrará a lectura do manifesto institucional contra a violencia machista, reafirmando o compromiso que se debe seguir coa loita pola erradicación dunha das grandes lacras da sociedade como é a violencia contra a muller.

N

O

N

QUEREMOS AVOAS SUMISAS
QUEREMOS NAIS SILENCIADAS
QUEREMOS IRMÁS ACOSADAS
QUERÉMOLAS LIBRES, VALENTES E EMPODERADAS.

Concello de Val do Dubra 25N

Concello de Dumbria

#25N

Mulleres, memoria e dignidade
100 anos da viaxe de Ruth Matilda Anderson
O Ézaro. 2024

ESPECIAL 25-N

«Se non queres ser cómplice, implícate»

► O Concello de Santiago busca activar a conciencia social a través dunha campaña centrada na responsabilidade compartida

Anxo Bentrón | SANTIAGO

Baixo o lema “Se non queres ser cómplice, mellor implícate” o Concello de Santiago desenvolve dende o pasado venres 15 de novembro a campaña municipal do 25-N, Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres, que pon o foco no negacionismo das violencias machistas e o silencio cómplice.

“Todas as persoas teñen na súa man o poder de actuar fronte á violencia machista”, sinalaba na presentación da campaña a alcaldesa compostelana, Goretti Sanmartín. Ante esta realidade, o Goberno que preside Sanmartín aposta por unha iniciativa que busca activar a conciencia social na capital galega e convida á cidadanía a deixar de lado a pasividade e a actuar de maneira comprometida na loita contra as violencias machistas.

Baixo o lema “se non queres ser cómplice, mellor implícate”, a campaña artículase arredor do concepto da responsabilidade compartida, destacando que mirar cara outro lado tamén é unha forma de violencia. A través de impactantes anuncios e mensaxes visuais por toda a cidade, a campaña representa imaxes de ollos que evitan, disimulan ou miran de esguello, acompañados de frases que convidan á reflexión sobre a inacción cidadá, como: “isto non vai contigo...”, “dubido moito que poidas facer algo...” ou “seguro que non podes facer nada...”.

Mensaxes por toda a capital

A campaña desenvolverase ata o sábado 30 e encherá as rúas e prazas da capital galega de mensaxes en diferentes formatos como lonas en distintas localizacións, autobuses, marquesiñas, carteis ou camisetas.

Tamén se inclúe na campaña un plan de contidos dixitais que aborda as formas cotiás nas que se pode actuar para rachar coa cultura da inacción e do negacionismo, a través das redes sociais e da páxina web do CIM. Desta maneira, ao longo deste mes de novembro, os perfís de redes sociais de Igualdade énchense de contidos variados sobre a cuestión. Entre eles, algúns datos relevantes sobre a magnitude das violencias machistas ou contidos sobre as accións que se poden levar a cabo para deixar de mirar para outro lado.

No día de hoxe, a corporación municipal repetirá a xa tradicional declaración institucional, ás 12 horas nos salóns do Pazo de Raxoi, para mostrar o seu rexeitamento á violencia machista.

Ademais, dentro dos actos en-

marcados na conmemoración do 25-N que se levaron a cabo dende o Concello nestes últimos días, o pasado venres 22 tivo lugar a presentación do libro ‘Caídas’, de Montse Fajardo, gañadora do Premio Xohana Torres 2023.



Camisetas e anuncios co lema da campaña enchen Santiago.

25 DE NOVIEMBRE

DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

PARÓN INSTITUCIONAL E LECTURA DO MANIFESTO 25N

PERFORMANCE "AS PAISAXES DE CAMILLE"
Acción artística sobre a loita contra a violencia de xénero (Asoc. Ambar)

12:00H
diante do concello de Boiro

#NinUnhaMenos

Pacto de Estado
ambar
CIM BOIRO
CONCELLO DE BOIRO
Deputación DA CORUÑA

DÍA INTERNACIONAL POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

Dodro planta árbores contra a violencia

► Ao longo de todo o mes de novembro, o Concello contou cun amplo programa de actividades con mostras, a plantación de vexetais e a viaxe das mulleres do municipio a Portomarín

Anxo Bentrón | DODRO

Hoxe celébrase o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, unha problemática que impacta profundamente na nosa sociedade e que require da participación activa de todos.

Para conmemorar este día contra esta gran lacra da sociedade o Concello de Dodro acollerá hoxe, ás 12.00 horas, o acto institucional contra a violencia de xénero. Antes, ás 10.00 horas, o grupo Teatro Ghazafellos levará ao CPI Eusebio Lorenzo Baleirón a súa obra Travesía Unicornio, levando unha mensaxe de reflexión e esperanza ao alumnado.

Exposicións e plantado de árbores pola igualdade

A programación para conmemorar o 25N non é exclusiva de hoxe, se-

nón que o Concello de Dodro contou con actividades ao longo de todo o mes. Entre o 1 e o 15 de novembro a Casa do Concello acolleu a exposición 'Chicas nuevas 24 horas' de Mabel Lozano, unha mostra que denuncia a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual. Nesta actividade participaron os alumnos e alumnas de 2º, 3º e 4º da ESO do CPI Eusebio Lorenzo Baleirón, que refelexionaron sobre como combater ante esta realidade.

Xa o 13 de novembro, o Concello de Dodro constituíu a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional Fronte a Violencia de Xénero. Un acto que contou con representantes de organizacións políticas, dos corpos e forzas de seguridade do estado, dos centros educativos, de asociacións e de axentes locais comprometidos na loita contra a violencia de xénero.

CEDIDA



O alcalde e varios veciños xunto a unha das árbores plantadas.

O pasado mércores 20, o Concello de Dodro iniciou o 'Xardín dos valores', unha iniciativa coa que se plantaron árbores e prantas en varias localizacións do municipio. Estas plantacións, que simbolizan a creación de vida fronte a violencia, fixéronse no Centro Rural Agrupado, no CPI Eusebio Lorenzo Baleirón, no Centro de Día, no campo de fútbol, na sede de Andaina Pro Saúde Mental, na Escola Infantil e na casa do concello.

Na fin de semana de mulleres 'Hai saída!'

O programa de actividades pechase o 1 de decembro coa fin de semana das mulleres 'Hai saída!'. Nesta ocasión o fin de semana das mulleres levará a 40 veciñas de Dodro a Portomarín o sábado 30 de novembro e o domingo 1 de decembro.




**Concello de
Cartelle**
www.concellocartelle.es

NON
á violencia
de xénero


**25 DE NOVIEMBRO
POR 365 DÍAS
DE IGUALDADE**

*En novembro e todo o ano...
Vedra contra as violencias!!!*





www.concellovedra.gal



Melide contra a violencia de xénero



**Concello de
MELIDE**
www.concellodemelide.org

25N

ESPECIAL 25-N

A educación nos nenos unha ferramenta chave contra a violencia de xénero

► O Concello de Vimianzo ensinará hoxe aos nenos e nenas dos centros educativos da localidade a distinguir o maltrato cunha actividade na que pintarán as súas propias camisetas

Anxo Bentrón | VIMIANZO

Fai seis anos o movemento feminista desbordou todas as previsións en Galicia e no resto de España, con apoios multitudinarios nas principais cidades e con máis de 45 marchas solo na nosa comunidade. Un 2018 histórico que volveu romper récords no 2019 para berrar máis alto e máis forte pola igualdade e a loita contra a violencia de xénero: "Somos o berro das que xa non o teñen".

Sen embargo, seis anos despois, o panorama deixa claro que o camiño por percorrer é longo. Aínda que a conciencia social creceu e cada vez máis voces e institucións se suman á loita contra a violencia de xénero, as cifras seguen sendo alarmantes. No que levamos de ano, 40 mulleres foron asasinadas en España por violencia de xénero, catro delas en Galicia. Un número inadmisíble que recorda que o único válido é cero.

Adiantarse ao problema antes de que ocorra

Para reducir esta cifra, que é só a punta do iceberg, cada vez son máis as voces que apuntan á educación dende a infancia, con formación e educación emocional en idades temperás, como un elemento chave no camiño a un futuro mellor, libre de violencias. Neste sentido, non se trata só de abrodar o problema cando chega; senón de adiantarse a el para evitar que ocorra.

Un cometido que pode e debe levarse a cabo a través de plans integrais nas escolas, pero tamén a tra-



Mural contra a violencia de xénero.

vés da propia educación familiar nos propios fogares. A educación emocional e afectivo-sexual preséntanse como ferramentas fundamentais para romper o ciclo da violencia, ensinando ás futuras xeracións a xestionar as súas emocións, establecer relacións saudables e respetuosas, e cuestionar os roles de xénero tradicionais.

Educar canto antes mellor

Os protocolos de actuación neste ámbito insisten en que «cuestións como a autoestima, a dependencia emocional, a diversidade nos roles ou o afecto como valor son elementos indispensables para poder abordar con éxito a prevención da violencia de xénero», pero, á vez, tamén advirten

de que moitas destas ferramentas deben ser xeradas e ensinadas en idades temperás, en Educación Infantil e Primaria.

A proposta pasa, polo tanto por integrar estas ensinanzas dende as primeiras etapas escolares. Neste sentido trátase dunha proposta entendida de maneira global, con contidos adaptados a cada idade, que im-

C.T.

plica o uso de ferramentas de xestión emocional, valores como os coidados ou a identidade como persoa.

Vimianzo ensina aos nenos a distinguir o maltrato

Desta situación tomou nota o Concello de Vimianzo, que para conmemorar o 25-N ensinará aos nenos e nenas dos centros educativos da localidade a distinguir o maltrato. A Praza do Concello convertírase hoxe, de 11.00 a 13.00 horas, nun espazo de creatividade e reflexión, onde rapaces e rapazas pintarán a súa propia camiseta contra a violencia de xénero.

A actividade, que conta coa participación dos centros educativos da localidade, ten como obxectivo principal fomentar a reflexión e o recoñecemento de comportamentos vinculados á violencia machista. Os pequenos empregarán todo tipo de cores e materiais para expresar, a través da súa arte, a súa aposta por unha sociedade máis igualitaria e libre de violencia, reivindicando a necesidade de acabar coa violencia contra as mulleres.

"O noso obxectivo é que os rapaces e rapazas distingan a violencia machista e saiban detectar comportamentos de malos tratos", explicou a concelleira de Benestar Social, María José Pose ao respecto. Ademais, tamén destacou a importancia "de achegar estes temas ás novas xeracións". "Eles son o futuro e é de vital importancia que recoñezan estes comportamentos que acaban coa vida de moitas mulleres ao longo do ano", engadiu.

SEMPRE LIBRES E IGUAIS

Grupo
Municipal
Socialista /
Santiago de Compostela

25N
COMPOSTELA
EN NEGRO



DÍA INTERNACIONAL POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

A necesidade de erradicar o machismo

► Rianxo, Boiro, Outeiro de Rei, O Pino ou Camariñas son algúns dos concellos galegos que elaboraron un amplo programa de actividades para conmemorar o 25-N e concienciar e sensibilizar aos veciños

Anxo Bentrón | RIANXO

Hoxe, 25 de novembro, o Concello de Rianxo únese á conmemoración do Día Internacional da Violencia contra a Muller, reafirmando o seu compromiso coa igualdade e a erradicación de todas as formas de violencia de xénero. Baixo o lema 'Camiñando cara a igualdade', o Concello desenvolve estes días un completo programa de actividades orientadas á sensibilización e a acción comunitaria.

Despois da representación da obra 'Soa' o pasado venres, hoxe a Casa do Concello acolle dende as 12.00 horas a lectura da Declaración Institucional. Mañán, martes ás 19.30 horas, no Auditorio de Rianxo celebrárase un faladoiro con Montse Fajardo, autora de 'Invisibles'. Neste encontro, a xornalista e escritora de Vilagarcía de Arousa abordará as múltiples formas de violencia machista dende as vivencias de distintas vítimas, ofrecendo unha perspectiva humanizadora e transformadora.

O xoves 28, ás 19.00 horas, no CEP Brea Segade, realizarase un obradoiro de "Promoción da igualdade e bo trato". Este taller estará centrado en sensibilizar sobre a importancia de construír relacións baseadas na igual-

dade, tanto no ámbito familiar como no laboral.

O amplo programa de actividades concluirá o venres 29. As Escolas Vellas da Atalaia acollerán ás 19.00 horas un obradoiro de 'autoestima, benestar e saúde con perspectiva de xénero'. A través de actividades reflexivas, os participantes descubrirán como as normas de xénero influen na súa autoimaxe e benestar.

Tamén no Barbanza, neste caso en Boiro, a conmemoración do 25-N conta tamén cun programa con accións reivindicativas. A Casa Consistorial da

OBXECTIVO COMÚN

Obradoiros, obras teatrais, charlas, concentracións, andainas ou cursos de defensa son algunhas das moitas actividades para loitar por eliminar a violencia

ONDIÑAS MAINAS



Tapiz contra a violencia de xénero no Cuartel Vello en Rianxo.

localidade acollerá hoxe ás 12.00 horas unha concentración para facer a lectura do manifesto institucional e que contará tamén cunha *performance* de Ambar. Ademais, nestes días o dietista da Consellería de Sanidade, Iván Parada, impartiu a charla 'Alimentación Antiinflamatoria', incluída dentro do ciclo de

actividades Muller e Saúde.

Galicia contra o machismo

Pero, as actividades ao redor do Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra a Muller non son exclusivas do Barbanza, senón que se extende-

ron e se estenden por toda a comunidade. En Outeiro de Rei, onte celebrouse unha nova Andaina Popular contra a violencia de xénero pola ruta Penas de Rodas - Miradoiro de Paraños. Ademais, ao igual que en anos anteriores, repartíronse entre os veciños e veciñas bolsas reutilizables gratuítas para conmemorar esta data.

No Pino, 30 estudantes de 4º da ESO participarán o vindeiro venres 29 nunha charla informativa que busca sensibilizar e informar sobre as agresións sexuais, fomentando a reflexión e o compromiso coa igualdade.

A loita contra a violencia machista chega tamén á Costa da Morte e en Camariñas, diante da Casa do Concello, realizarase hoxe ás 12.00 horas un minuto de silencio por todas as vítimas. Ademais, a programación esténdese ata o mes de decembro, cun curso de defensa persoal feminina que se impartirá o sábado 21 de decembro. O Concello fixo tamén nas últimas semanas unha aposta por inculcar os valores de respecto entre a mocidade, cunha campaña a través das redes sociais que consistiu na grabación dun vídeo para concienciar á veciñanza sobre a importancia de erradicar as violencias machistas.

25N²⁰²⁴

DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Fronte á violencia de xénero conta con nós

Esta actividade financiouuse con cargo aos créditos recibidos do Ministerio de Igualdade (Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero) e á achega económica do Concello de Outeiro de Rei



Concello de
Outeiro de Rei



016

**Atención a vítimas
de malos tratos**



25N todo o ano



Concello de
Camariñas
A Coruña

ESPECIAL 25-N

Únete, a campaña da ONU para poñer fin á violencia contra as mulleres

► Nacións Unidas chama á acción colectiva e ao compromiso para previr e combater o machismo en todas as súas formas | Case unha de cada tres mulleres sufriron violencia física ao menos unha vez na súa vida

Anxo Bentrón | SANTIAGO

A violencia contra as mulleres e as nenas segue sendo, segundo a Organización das Nacións Unidas (ONU) unha das violacións dos dereitos máis extendidas a nivel global. Neste sentido, calcúlase que 736 millóns de mulleres, case unha de cada tres, foron vítimas de violencia física ou sexual polo menos unha vez na súa vida.

Neste sentido, segundo a ONU, no pasado ano, ao redor de 51.100 mulleres e nenas de todo o mundo morreron a mans da súa parella ou outros membros da súa familia, o que quere dicir que se asasinou a unha muller cada 10 minutos, unha realidade que esixe unha resposta contundente e necesaria.

Unha lacra a nivel global

Trátase, polo tanto, dunha das grandes lacras da sociedade, unha situación que se agravou e intensificou en diferentes entornos, incluídos o lugar de traballo ou os espazos en liña, pola gran exposición a contidos violentos e a falta de regulación nas plataformas dixitais que

intensifican aínda máis o problema. Asimesmo, esta situación viuse agravada por factores como os conflitos armados, os desastres climáticos ou a propia expansión da violencia nos espazos dixitais.

A solución radica en acabar coa impunidad, adoptar e financiar plans de acción e investir en solucións que propoñen os movementos polos dereitos das mulleres.

16 días de activismo

Como cada ano, o Día Internacional para Eliminar a Violencia contra

A CRUDA REALIDADE

Ao redor de 51.100 mulleres morreron o pasado ano a mans da súa parella ou algún membro da súa familia, producíndose un asasinato cada 10 minutos

a Muller marca o comezo da Campaña Únete da ONU, 16 días de activismo (dende hoxe 25 de novembro ata o 10 de decembro) que conclúen coincidindo co Día Internacional dos Dereitos Humanos.

Este ano, o lema é “Cada 10 minutos se asasina a unha muller. #NoHayExcusa. ÚNETE para poñer fin á violencia contra as mulleres” e ten como obxectivo mobilizar a todos os membros da sociedade ante unha alarmante escalada da violencia contra as mulleres, así como revitalizar os compromisos e esixir responsabilidades e medidas concretas aos responsables da toma de decisións.

Unha conmemoración que cumpre 25 anos

Neste ano 2024, cúmprese o 25 aniversario da designación por parte das Nacións Unidas do 25 de novembro, data do asasinato das irmás Mirabal, como o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.

No ano 1960, Patria, Minerva e María Teresa foron asasinadas na República Dominicana. Nun primeiro momento, en 1981, o move-

ONU MUJERES

mento feminista latinoamericano iniciou unha convocatoria para conmemorar a data dos asasinatos. Sen embargo, non foi ata 1999 cando a Asamblea Xeral das Nacións Unidas designou o 25 de novembro como o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, manifestando que «todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual o psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto si se producen na vida pública como na vida privada» está considerado como violencia contra a muller.

A violencia contra as mulleres e as nenas é, por tanto unha das grandes lacras a erradicar na sociedade. Esta violencia afecta á paz e á estabilidade das familias e as comunidades, xera innumerables custos para a sociedades no coitado da saúde, a educación, a protección social, a xustiza ou a produtividade, entre outros moitos aspectos. É por tanto, un aspecto a cambiar, unha solución que se basea principalmente na prevención e na educación.

O apoio e o investimento en organizacións polos dereitos das mulleres e na educación en idades temperás é fundamental para lograr erradicar a violencia contra as mulleres.



O 25-N marca o comezo da campaña 16 días de activismo.



DÍA INTERNACIONAL POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

Mocidade e saúde mental polo 25-N

► Hoxe ás 12.00 horas lerase o manifesto institucional na Casa do Concello de Melide e pola tarde o posto divulgativo 'Fagámolas visibles' invitará á reflexión e á divulgación desta problemática

Anxo Bentrón | MELIDE

O Concello de Melide vive hoxe unha xornada intensa cunha ampla programación no marco do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, un programa centrado na sensibilización sobre actitudes machistas, a saúde mental e a educación en igualdade.

Ás 12.00 horas procederase á lectura do manifestó institucional na Casa do Concello, un momento de reflexión e compromiso no que representantes municipais, entidades locais e veciños se congregarán para destacar a importancia da loita contra a violencia machista.

En canto á tarde, estará adicada á divulgación e á reflexión. Entre as 16.00 e as 20.00 horas, o posto divulgativo 'Fagámolas visibles' estará aberto no multiusos municipal, ofrecendo información sobre as diversas formas de violencia machista e micromachismos que adoitan pasar desapercibidos. Esta iniciativa está orientada a todos os públicos, buscando desmitificar conductas normalizadas e promover unha sociedade máis igualitaria.

Ademais, durante a xornada de

hoxe tamén haberá actividades para os máis pequenos. O alumnado de infantil do municipio asistirá na biblioteca municipal Xosé Vázquez Pintos ao contacontos teatral 'Aprendendo a querer'.

Un mes con actividades para todas as idades

Este 25 de novembro é o punto álxido dun mes repleto de acción. Dende o pasado luns 18, sucedéronse as actividades ao abeiro da campaña, incluíndo obradoiros e espectáculos que combinan sensibilización, coidado emocional e aprendizaxe.

Neste sentido, o pasado luns 18 o alumnado de 4º de primaria do CEIP N°1 asistiu ao obradoiro 'Fálarnos Bonito', orientado a promover a sensibilización e a prevención de condutas machistas e violentas entre a mocidade. No mesmo taller tamén participaron, ao día seguinte os alumnos e alumnas de 4º de primaria do CEIP Martagona e do colexio Mestre Pastor Barral.

Ademais para as mulleres da localidade, o pasado xoves 21 celebrouse no Centro Social o obradoiro



'Proxecto Migradas: Mulleres Migrantes ante a Violencia de Xénero'.

ro de autocoidado do estrés 'Integrarme'. Esta actividade abordou e tratou ferramentas para mellorar o benestar emocional e xestionar o estrés, recoñecendo a importancia de coidar a saúde mental como parte esencial do empoderamento feminino.

Proxecto Migradas: unha realidade invisibilizada

A programación arredor do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller estenderase máis alá de novembro, con actividades tamén durante as primeiras

semanas do vindeiro mes.

O martes de 3 de decembro, a ONG Movemento pola Paz presentará o 'Proxecto Migradas: Mulleres Migrantes ante a Violencia de Xénero'. Trátase dun proxecto que pretende dar visibilidade á magnitude das diversas situacións e experiencias de violencias ás que fan fronte as mulleres migradas en España, co propósito de mellorar as estratexias de intervención e acompañamento. A través de datos que son o resultado de enquisas, o informe analiza como os estereotipos de xénero, os mitos sobre a violencia ou a discriminación estrutural agravan a situación de vulnerabilidade das mulleres migradas en España.

Ademais, para pechar o amplo programa de actividades arredor do 25-N, o Concello de Melide volverá poñer o foco na mocidade. Nesta ocasión no alumnado do IES de Melide, que os días 17, 18 e 19 de decembro participarán no obradoiro 'PorNo(n)Educar', unha actividade que pretende xerar un pensamento crítico e facer reflexionar á mocidade sobre o consumo de pornografía e os estereotipos que transmite.



ESPECIAL 25-N

Máis dunha semana de actividades en Vedra para loitar contra o machismo

► O Concello repartiu entre os veciños e veciñas puntos lilas para colocar nas xanelas | Tamén se instalou unha porta violeta a xeito de photocall para simbolizar o rexeitamento pola violencia de xénero

Anxo Bentrón | VEDRA

O Concello de Vedra ofrece dende o pasado luns 18 de novembro un amplo programa de actividades que pon de manifesto o seu compromiso activo na loita contra a violencia de xénero.

O programa de actividades pecharase na xornada do mércores 27 de novembro cun obradoiro de educación parental afectivo-sexual para persoas adultas con menores a cargo. Trátase dunha actividade que se celebrará ás 18.00 horas na Biblioteca Municipal e que está dirixido ao público adulto, co obxectivo de afondar nas habilidades parentais. A acción estará impartida por dous médicos e sexólogos cunha ampla experiencia na abordaxe da educación afectivo-sexual a menores.

Puntos lilas nas xanelas e unha porta violeta

As actividades para conmemorar o Día Internacional contra a Violencia de Xénero no Concello vedrés comezaron o luns pasado co reparto de puntos lila entre os veciños e veciñas para colocar nas xanelas. Unha iniciativa coa que se trataba de visibilizar que, dende o concello, as casas, os centros de traballo ou as



Manifestación feminista en Vigo.

empresas se posicionaban en contra da violencia machista.

Dende o mesmo luns 18 de novembro, está instalada unha porta

violeta a xeito de photocall para que as persoas que queiran atravesala participen nesta iniciativa situada en distintos puntos da localidade. Dende

o Concello indicaban que ante a pregunta 'Que podes facer ti para que non exista nunca máis Violencia de Xénero?' se pégase un posit na

RICARDO GROBAS


porta violeta, simbolizando ese rexeitamento pola violencia de xénero. Esta porta violeta estará instalada ata finais deste mes en distintos puntos do Concello, lembrando que esta loita contra a violencia contra a muller non é un feito illado do día de hoxe, senón unha necesidade no día a día.

Contacontos e teatro

O pasado venres 22, a Ludoteca Municipal acolleu unha sesión de contacontos con perspectiva de xénero para a cativada, mostrando a importancia de inculcar aos nosos pequenos os valores de respecto e igualdade.

No día de onte viviuse o groso das actividades. Primeiro cunha representación teatral na Nave da Estación de Santa Cruz de Ribadulla. Unha obra de concienciación, un espectáculo directo e cercano que xogou co impacto directo da posta en escena, sen trucos dramatúrxicos ou de escenografía, que fixo pensar aos asistentes. Ao remate da representación tivo lugar o acto institucional de repulsa contra a violencia machista, un acto que incluíu a lectura da Declaración da FEMP con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller.





ISTO NON VAI CONTIGO

... se es dese 23,1%* que mira para outro lado porque
pensa que as violencias machistas son unha invención.

Se non queres ser cómplice,
mellor implicate.



*Dato do "Barómetro de Xuventude e Xénero 2023" de Fad Xuventude